



## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS, PAIS ou TITORES/-AS LEGAIS DE ALUMNOS/-AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 (dous/dúas) pais/nais**, dun total de **5 (cinco)** que debe ter o Consello Escolar. Outros **2 (dous)** representante de pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018. O **quinto** representante de pais/nais é proposto pola ANPA do centro.

2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. **As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:30 h do día 10 de novembro de 2021.**

3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende **as 9:30 h do día 3 de novembro ata as 14:30 h horas do día 12 de novembro de 2021.**

4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **15 de novembro, ás 12:10 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá dende o **16 ao 21 de novembro**, ámbolos dous días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro. **O día 22 de novembro**, véspera das votacións,

non se poderá facer campaña electoral.

6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 23 de novembro, de 09:30 h a 16:30 h. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:15 h.**

8. Na papeleta de votación cada elector fará constar ou sinalará **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

**Ourense, 02 de novembro de 2021**

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Xosé Rodríguez Iglesias

